

CIUDAD SIN SUEÑO

Guillermo Galoe, 2025

1631

ESTREA EN NUMAX: 21.11.2025 | V.O. | +16 | 97 min

Toni ten 15 anos e vive na Cañada Real, o asentamento irregular máis grande de Europa, nas aforas de Madrid. Orgulloso de pertencer á súa familia de chatarreiros, pasa os días ao carón do seu avó, ao que admira e segue a todas partes. Pero as máquinas de demolición ameazan con arrasar con todo o que coñecen.

«Soberbio western en Cañada Real»
Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Guillermo Galoe: «Creo no cinema como feito diario, colectivo e participativo»

Por Fernando Bernal

A película supón un regreso á Cañada Real, onde xa rodou a curta *Aunque es de noche* (2023). Con todo, dalgún modo, ese territorio nunca deixou de habitar en vostede. Para min, facer cinema é un feito diario e durante estes seis anos fixen talleres de cinema con nenos, nenas e adolescentes, e estiven a filmar material documental cando os cortes de luz e a tormenta Filomena. Logo veu a curta e agora a longa. Había razóns, tanto estéticas como éticas. A proposta era facer unha ficción onde eu puidese expresar sentimentos relacionados coa ruptura e coa perda dunha certa forma de vivir ante un futuro incerto. E quería facer unha ficción, nun sitio real, interpretada polas persoas que viven alí. Os actores e actrices son na súa totalidade residentes da Cañada. Hai algo aí do cinema como feito diario, colectivo e participativo, aínda que houbo un proceso de escritura de guión, que respectei e quixen seguir ata o final. Por suposto, deixando espazo á improvisación. É bonito e máxico como sen compartir unha soa liña de guion con eles, traballando coa idea de facer unha película coa comunidade, ao final conducíase cara a onde quería.

Que peso tivo esa realidade que vostede tan ben coñece fronte ao que é puramente ficción na escritura? A idea era sentirmos libres a todos os niveis. Que os actores se sentisen libres fronte á cámara, que nunha contorna así foi algo que me levou anos e moito traballo, coa miña presenza cunha cámara pola rúa...

E isto aceptouse ben por parte dos veciños da Cañada? É un proceso de integración no que vas atopando a túa forma, igual que se fose un vínculo persoal, de conectar e xerar un espazo seguro. Cando colocamos a cámara fronte a alguén, sempre existe unha relación de poder, case unha dinámica violenta. Sobre todo, cando filmas a persoas con grandes vulnerabilidades. O traballo foi eliminar esas vulnerabilidades da cámara, que é a miña maneira de relacionarme co mundo. A posta en escena era de ficción e o pacto que tiñamos coa realidade era de mutua colaboración. E, a nivel formal, quixen recorrer a imaxes que filman os propios protagonistas cos seus móbiles de forma diexética. Non se trataba de contar a verdade con maiúsculas, porque é un concepto que me xera sospeitas. O cinema ten que voar, e aí atopamos secretos e misterios.

Incluíu esas imaxes rodadas con móbiles e filtros, pero, ao mesmo tempo, contou con Rui Poças, un dos directores de fotografía máis determinantes do cinema europeo na actualidade. Con el, o traballo foi unha marabilla. Ten unha visión e unha cultura pictóricas moi fortes, os seus interiores son do mellor que eu vin e a relación persoal foi impresionante. Houbo unha simbiose nunha contorna moi cambiante. Quero poñer en valor iso, porque é unha película cuxo estado natural era non facerse. A Cañada é un lugar caótico, non existen a xerarquía nin a orde. E o cinema necesita unha orde, por moi alternativo que sexa o proxecto. Adaptámonos moi ben a isto, tentando manter a coherencia, non perseguir a realidade coa cámara ao ombreiro, que sería o máis obvio. Queríamos explorar o tempo, cousa que cunha posta en escena resulta complexo. E con Rui fomos descubrindo unha linguaxe.